



## Formación profesional

### Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

#### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15022620	IES DE CURTIS	2019-2020

#### Ciclo formativo

Código	Nome
CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles

#### Módulo profesional

Código	Nome
MP0460	Empresa e iniciativa emprendedora

#### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Réxime xeral-ordinario	PRESENCIAL-ORDINARIO	GRUPO.B

#### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
M <sup>ª</sup> CARMEN FERNÁNDEZ CASTRO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



Xacobeo 2021



FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



### 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

NON PROCEDE A SÚA CUMPRIMENTACIÓN TENDO EN CONTA QUE TODOS OS CONTIDOS DO MÓDULO XA QUEDARON VISTOS NA DATA NA QUE SE SUSPENDERON AS ACTIVIDADES LECTIVAS, E TÉNDOSE ASÍ XA COMTEMPRADO NA PROGRAMACIÓN ORDINARIA DO CURSO.

NON SE IMPARTEN CONTIDOS NOVOS

NESTE PERÍODO SÓ SE REALIZAN ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA AQUELES ALUMNOS QUE NON APROBARON NO PERÍODO ORDINARIO (2ª AVALIACIÓN, PREVIA Á FCT) E POR TANTO NON ACCEDERON Á FCT

#### 1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os establecidos para cada unha das unidades didácticas, na programación do curso 2019.2020, así como Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora son os establecidos no DECRETO 94/2011 do 28 de abril, que establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en electromecánica e mantemento de vehículos automóbiles. Ditos mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva veñen reflexados como resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos para cada unidade formativa.

Dado que estes alumnos son alumnos de 2ª que non aprobaron na fase previa á realización da FCT, durante o 3º trimestre realízanse actividades de recuperación sobre os contidos non superados.

O que cambia nestes momentos é a **metodoloxía e os instrumentos de avaliación**, tendo en conta a situación tan excepcional que nos afecta (a crise sanitaria) que esta a impoñer cambios en todos os eidos da nosa realidade, e por tanto a comunidade educativa, non é allea as devanditos cambios.

A suspensión das clases lectivas, afectou á **metodoloxía**, obrigando a artellar mecanismos de ensinanza telemática, por tanto o contacto cos alumnos estase a realizar a través dos ditos medios (correo electrónico e plataformas dixitais)

En canto aos **instrumentos de avaliación**:

Mantense neste módulo os criterios de cualificación establecidos na programación inicial do curso, que de forma sucinta establece:

En cada unha das unidades didácticas levaranse a cabo exames ou probas escritas e será obrigatorio a elaboración do proxecto empresarial correspondente; as probas escritas ou exames teñen un peso en cada unidade dun 70% e o plan de empresa terá un peso dun 30% na nota final de cada unidade didáctica

Mentres as circunstancias non o permitan, non se realizarán probas avaliadoras presenciais, sendo substituídas as tarefas avaliáveis pola realización de traballos e actividades que consistirán en traballos de investigación, exercicios prácticos, preguntas curtas e desenvolvemento de cuestións máis longas. Os devanditos traballos serán puntuados do 1 ao 10 a través de táboas de observación, sendo necesario obter un mínimo dun 4 en cada un deles para ser avaliado de forma positiva

En consecuencia tamén se decidiu flexibilizar **os criterios de cualificación, deixando sen efecto o establecido na programación inicialmente.**

**Criterios e cualificación** A nota final do módulo, virá dada pola suma dos seguintes sumandos\_

- Nota obtida dos traballos das unidades didácticas (media aritmética dos traballos).
- Nota obtida o plan de empresa

**Nota final = 70% da nota dos traballos + 30% nota do plan de empresa.**

A puntuación anterior cando o resultado non sexa un número enteiro redondearase á puntuación enteira inmediatamente superior ou inferior se o decimal é igual ou superior a 0,6 e redondearase á puntuación enteira inmediatamente inferior se o decimal é inferior a 0,6.



## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Criteria de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº	Unidade didáctica			
1	<b>EMPRENDEDORES, EMPRESA E INNOVACIÓN</b>			
1ª ava l.	2ª ava l.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Traballo de investigación</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Traballo de investigación</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Traballo de investigación</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de transporte e mantemento de vehículos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.4 - Traballo de investigación</li> </ul>



X		<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• TO.5 - Traballo de investigación</li></ul>
X		<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• TO.6 - Traballo de investigación</li></ul>
X		<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de electromecánica de vehículos automóbiles, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• TO.7 - Traballo de investigación</li></ul>
X		<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• TO.8 - Traballo de investigación</li></ul>



Nº		Unidade didáctica		
2		O deseño do modelo de negocio		
1ª ava l.	2ª ava l.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Proba escrita</li> </ul>
x		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Proba escrita</li> </ul>
x		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Proba escrita</li> </ul>
x		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.4 Apareciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Proba escrita</li> </ul>



X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de electromecánica de vehículos automóbiles en función da súa posible localización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa electromecánica de vehículos automóbiles e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.8 Identificáronse, en empresas de electromecánica de vehículos automóbiles, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.9 - Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Proxecto empresarial</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de electromecánica de vehículos automóbiles, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.2 - Proxecto empresarial</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.3 - Proxecto empresarial</li> </ul>





Nº	Unidade didáctica			
3	<b>Formas xurídicas e trámites de constitución</b>			
1ª ava l.	2ª ava l.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de transporte e mantemento de vehículos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X		<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Exame.Proba escrita</li> </ul>



X	▪	▪ CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.	• PE.7 - Exame.Proba escrita
X	▪	▪ CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de electromecánica de vehículos automóbiles tendo en conta a súa localización.	• PE.8 - Exame.Proba escrita
X	▪	▪ CA3.9 Inclúuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.	• TO.1 - Plan de empresa



Nº		Unidade didáctica		
4		INVERSIÓN E FINANCIACIÓN. A ADMINISTRACIÓN DA EMPRESA		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
X		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa electromecánica de vehículos automóbiles, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Exame.Proba escrita</li> </ul>
X			<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Plan de empresa</li> </ul>



### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O módulo divídese en catro unidades didácticas, polo que as actividades de recuperación irán deseñadas dese mesmo xeito.

En cada unidade didáctica o alumno terá que realizar as ditas actividades que consistirán no seguinte:

- Realización de traballos de investigación, resumos, resolución de supostos prácticos, resolución de preguntas teóricas curtas, longas e tipo test.
- Realización por cada alumno dun proxecto ou plan de empresa, segundo as directrices que se lle vaian indicando.

Todas estas actividades iranse plantando con carácter semanal, e con fixación de prazos de entrega.

Ámbalas dúas tipos de tarefas son de carácter avaliabile, sendo puntuados do 1 ao 10 a través de táboas de observación, sendo necesario obter un mínimo dun 4 en cada un deles para ser avaliadas de forma positiva.

Para superar o módulo será necesario ter avaliadas de forma positiva todas as unidades didácticas.

Mentres as circunstancias non o permitan, non se realizarán probas avaliadoras presenciais, sendo substituídas polas tarefas avaliabiles anteriormente descritas.

**Criterios e cualificación,** A nota final do módulo, virá dada pola suma dos seguintes sumandos\_

- Nota obtida dos traballos das unidades didácticas (media aritmética dos traballos).
- Nota obtida o plan de empresa

**Nota final = 70% da nota dos traballos + 30% nota do plan de empresa.**

A puntuación anterior cando o resultado non sexa un número enteiro redondearase á puntuación enteira inmediatamente superior ou inferior por exceso ou por defecto.



## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Non hai neste grupo ningún alumnos con perda da avaliación continua.

En calquera caso aplicaríase o disposto na programación do módulo planificada inicialmente, que establece:

Os alumnos que durante o curso perderan a avaliación continua terán dereito a presentarse a unha única proba final no mes de marzo na que deberán de demostrar que acadan os resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos básicos establecidos no DECRETO 94/2011 do 28 de abril, que establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ó título de técnico en electromecánica e mantemento de vehículos automóbiles. O requisito para superala e que acaden unha puntuación de 5, ademais deberán, como requisito indispensable, entregar o plan de creación dunha empresa relacionada co sector correspondente ó título. Se non superan esta proba terán outra de iguais características no mes de xuño.

O alumnado con perda a avaliación continua realizarán durante o mes de xuño unha proba extraordinaria de carácter teórico práctico que abranguerá todos os criterios de avaliación mínimo esixibles.

A proba comprenderá 4 partes, correspondentes a cada unha das unidades didácticas e para superala haberá de obter unha calificación de 5 puntos sobre 10 en cada unha das unidades didácticas

Nesta caso modifícase o instrumento de avaliación: se non fose posible realizar o exame presencial por mor das circunstancias sanitarias, substituirase por un exame on-line.



## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aqueles alumnos que polas circunstancias actuais se acredite que non dispón de medios telemáticos, (sempre e cando este feito fora debidamente comunicado por parte do alumno ao equipo docente, ou a centro educativo ou debidamente acreditado), flexibilizaranse os criterios e instrumentos de avaliación, no sentido de ampliar os prazos de entrega, simplificar as tarefas, facilitar recursos, apuntamentos.....